



Regulamento 2024



maiskmsbarreiros



Circuíto +KmsBarreiros



www.maiskmsbarreiros.gal



CONCELLO DE
BARREIROS

- INTRODUCCIÓN:

Barreiros é un concello costeiro da Mariña Lucense que dispón dunha ampla diversidade no seu entorno. Percorrendoo podemos encontrar unha morea de praias, montes nos que adentrarse, lagoas, ríos... e unha das mellores formas de coñecerlos é mediante a actividade física e o deporte.

O Concello de Barreiros conta con **6 carreiras** populares durante todo o ano, organizadas ou ben directamente polo propio Concello ou por distintas asociacións/clubes que fan que cada unha delas teña o seu propio regulamento, historia e financiamento distinto.

Dándolle contido ós recursos naturais cos que contamos mediante as carreiras que por eles discorren potenciaremos as fortalezas deste Concello e achegáremolo aínda mais ó resto da comarca e a provincia, facendo unha promoción dun turismo desestacionalizado e natural. Barreiros ó longo dos seus quilómetros é natureza, e non existe mellor forma de desfrutar da natureza que mediante o deporte.

- O CIRCUÍTO:

O Circuito de Carreiras Populares de Barreiros é un evento anual organizado polo Concello de Barreiros na súa área de Dinamización e Participación Veciñal e recibe o nome de “Circuíto +KmsBarreiros” que vai xa a pola súa terceira edición.

A finalidade principal do Circuito é agrupar dunha forma homoxénea dentro dun gran evento as diferentes carreiras con entidade propia que se organizan no noso concello e que isto sirva para impulsalas dándolles un maior apoio e unha maior difusión tendo en conta o gran esforzo que supón para as entidades organizadoras destes eventos e valorando as potencialidades que posúen.

Outra das finalidades é o fomento da actividade física e que esta sirva como factor de prevención de enfermidades de todo tipo, á vez que se oferta a posibilidade de ocupar o tempo de ocio, fomentando a práctica deportiva en xeral e o atletismo en particular, e favorecendo á vez un tipo de turismo natural e desestacionalizado que descubra as bondades do noso territorio tan rico de recursos naturais (praias, ríos, montes, lagoas, etc.)

Aínda que cada carreira teña a súa entidade organizadora propia, con este evento global búscase aunar todos os elementos comúns en base a uns criterios co fin de que cada un dos eventos individuais se retroalimente dos demais. Estes criterios son:

- Carreiras con distancias orientadas ó deportista popular
- Distancias e categorías para todas as idades
- Distintas superficies e entornos dentro do mesmo Concello
- Temporalización anual para facilitar preparación e diversidade de datas.

O presente regulamento contén as condicións, requisitos e circunstancias en que se desenvolverá a actividade deportiva y competitiva do Circuito “+KmsBarreiros” 2024. Supón un marco de actuación e, como tal, deberá facerse público para que sexa coñecido e respectado tanto polos organizadores das carreiras como polos propios participantes. Por outro lado, está suxeito a modificacións, rectificacións ou engadidos que podan aprobarse por parte da Organización do Circuito para cada ano, así como os protocolos que regulen determinados aspectos do mesmo e que sirvan de complemento ó presente regulamento do Circuito.

Este regulamento é independente ós distintos regulamentos dos eventos que o conforman. No mesmo só é válido para realizar as diferentes clasificacións e premios do Circuito +KmsBarreiros

- ORGANIZACIÓN DO CIRCUÍTO

A organización do Circuito é competencia da área de Dinamización do Concello de Barreiros e conta coa colaboración das asociacións organizadoras das distintas carreiras establecendo reunións periódicas para o correcto funcionamento do evento.

O Concello de Barreiros financia os gastos en cronometraxe, seguros e deseño de cartelería das distintas carreiras que se integran no Circuito.

A organización individual de cada carreira integrada no Circuito corresponde ás seguintes entidades:

- Carreira de Reis - Concello de Barreiros
- Carreira das Praias - Asociación Praias de Comado
- Carreira Benquerencia Terra Mar - A.D. Augas Santas
- Subida ½ km Vertical - Asociación Praias de Comado
- Trail Comado - Asociación Praias de Comado
- Carreira Ao Son do Masma - C.C Ollomao

- PROBAS QUE COMPOÑEN O CIRCUITO

As distintas probas inscritas no Circuito terán unhas distancias populares priorizando a participación e todas elas contarán con categorías inferiores cunha clara intención de fomentar o deporte e as actividades físicas.

O “Circuíto +Kms” desenvolverase durante o ano 2024 e contará con 6 probas nas categorías de adultos e 5 nas de menores, das cales se deberá puntuar en 4 delas para poder optar á clasificación xeral (3 no caso das categorías infantís).

As 6 carreiras nun gran evento

Estas son as 6 carreiras que se organizan no noso concello:

1. Carreira de REIS (Xaneiro)

Ubicación e edicións: San Cosme de Barreiros (XIX edicións)

Organización: Concello de Barreiros

Distancia: 8 km absoluta + categorías inferiores

Superficie: asfalto, sendeiros

2. Carreira popular Das Praias (Abril)

Ubicación e edicións: De Reinante (Arealonga) ata San Cosme (Altar)-
(X edicións)

Asociación responsable: Praias de Comado

Distancia: 10km absoluta + categorías inferiores

Superficie: area de Praia + escaleiras

Info adicional: Organízase en función da marea

3. Carreira popular Benquerencia Terra Mar (Agosto)

Ubicación e edicións: San Pedro de Benquerencia (IX edicións)

Asociación responsable: A.D Augas Santas

Distancia: 7km absoluta + categorías inferiores

Superficie: asfalto + area de praia

Info adicional: Pertencente ó circuíto Tour Mariña

4. Subida “½ km Vertical”

Ubicación e edicións: Saída Praia Arealonga e chegada Pico Monte Comado (X edicións)

Asociación responsable: Praias de Comado

Superficie: monte

5. Trail Monte Comado (Outubro)

Ubicación e edicións: Saída e chegada San Miguel de Reinante

Asociación responsable: Praias de Comado

Superficie: monte

2 modalidades: trail longo (28kms) e trail curto (12kms)

(sin categorías inferiores)

6. Carreira Ao Son Do Masma (Novembro)

Ubicación e edicións: Celeiro de Mariñaos, III edicións

Asociación responsable: Colectivo Cultural Ollomao

Distancia: 6 km + categorías inferiores

Superficie: Asfalto

PECULIARIDADES DO CIRCUÍTO:

O Trail Monte Comado dispón de 2 distancias, curta e longa, sendo só puntuable 1 por corredor/a para o circuítu por realizarse simultaneamente.

Esta mesma proba só tén categorías Adultas e non de Menores. Polo que o Circuíto infantil consta de 5 probas.

- INSCRICIÓN Ó CIRCUÍTO

Cada participante queda automaticamente inscrito no Circuíto polo feito de participar en calquera das 2 primeiras probas pertencentes ó mesmo.

*Os/as participantes na carreira de Reis (7 de Xaneiro de 2024) quedan automaticamente inscritos no Circuíto.

- INSCRICIÓN A CADA UNHA DAS PROBAS QUE COMPOÑEN O CIRCUÍTO

A inscrición a cada unha das carreiras incluídas no Circuíto realizarase de forma independente e poderá facerse efectiva a través da páxina web do evento www.maikmsbarreiros.gal dentro do apartado de cada carreira nos prazos que cada unha das probas especifique nos seus regulamentos ou ben a través da web www.championchipnorte.com

Debido ó carácter integrador do evento con cada asociación e das diferencias en canto a recorrido e duración, serán éstas as que no seu regulamento especifiquen as formas de inscrición (prazos, cantidades, etc.)

As inscricións a cada carreira estarán marcadas no regulamento de cada unha das probas podendo ser distintas en prazo, cantidade e forma. Calquera tipo de reclamación ou dúbida ó respecto das inscricións deberá ser trasladada á entidade organizadora de cada carreira.

- SISTEMA DE PUNTUACIÓN

Cada participante competirá no Circuito tanto na clasificación absoluta como na súa categoría correspondente por idade e sexo. O sistema de puntuación será o que se reflexa na seguinte taboa clasificatoria atendendo ó posto de chegada na proba absoluta.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN			
CLASIFICACIÓN ABSOLUTA			
POSTO	PUNTOS	POSTO	PUNTOS
1	250	51	50
2	220	52	49
3	205	53	48
4	195	54	47
5	186	55	46
6	180	56	45
7	174	57	44
8	168	58	43
9	162	59	42
10	156	60	41
11	150	61	40
12	146	62	39
13	142	63	38
14	138	64	37
15	134	65	36
16	130	66	35
17	126	67	34
18	122	68	33
19	118	69	32
20	114	70	31
21	110	71	30
22	107	72	29
23	104	73	28
24	101	74	27

25	98	75	26
26	95	76	25
27	92	77	24
28	89	78	23
29	86	79	22
30	83	80	21
31	80	81	20
32	78	82	19
33	76	83	18
34	74	84	17
35	72	85	16
36	70	86	15
37	68	87	14
38	66	88	13
39	64	89	12
40	62	90	11
41	60	91	10
42	59	92	9
43	58	93	8
44	57	94	7
45	56	95	6
46	55	96	5
47	54	97	4
48	53	98	3
49	52	99	2
50	51	100	1

Para realizar a suma total dos puntos, seleccionaranse **Todos os resultados (clasificación final)** de cada participante.

En caso de empate final, sempre será superior a puntuación do/participante que acadase mellores postos finais.

- **REQUISITOS MÍNIMOS PARA PUNTUAR E OPTAR A PREMIOS:**

Para entrar nas clasificacións do circuíto e optar ós trofeos e premios do mesmo será obrigatorio:

- Puntuar nun mínimo de **4 carreiras** das 6 que forman o Circuíto nas categorías Absolutas
- Puntuar nun mínimo de **3 carreiras** das 5 que forman o Circuíto nas categorías Infantís

- **CATEGORÍAS PUNTUABLES:**

As clasificacións oficiais do circuíto estarán compostas polas seguintes categorías puntuables, que serán independentes das categorías de cada carreira:

- **MENORES**

SUB-10 MASCULINO E FEMENINO	NADOS/AS EN 2015 E 2016
SUB-12 MASCULINO E FEMENINO	NADOS/AS EN 2013 E 2014
SUB-14 MASCULINO E FEMENINO	NADOS/AS EN 2011 E 2012
SUB-16 MASCULINO E FEMENINO	NADOS/AS EN 2009 E 2010

O resto das categorías de menores non serán competitivas polo que non entrarán en puntuación.

- **ADULTAS**

SUB-23 MASCULINO E FEMENINO	NADOS/AS ENTRE 2002 E 2008
SENIOR MASCULINO E FEMENINO	NADOS/AS ENTRE 1990 E 2001
VETERÁN "A" MASCULINO E FEMENINO	NADOS/AS ENTRE 1980 E 1989

VETERÁN "B" MASCULINO E FEMENINO	NADOS/AS ENTRE 1970 E 1979
VETERÁN "C" MASCULINO E FEMENINO	NADOS/AS ANTES DE 1970

Cada participante competirá na categoría que lle corresponda por ano de nacemento cumprido no comezo da primeira carreira do Circuito, mantendo dita categoría durante toda a tempada.

Si un/unha atleta, por idade, cambiara de categoría durante o transcurso do Circuito, este competirá en cada proba coa categoría que lle corresponda por idade, con independencia da puntuación no Circuito xa que a categoría asignada ó principio deste se manterá durante toda a tempada.

NOVAS CATEGORÍAS DO CIRCUÍTO 2024

Como novidade, a maiores das clasificacións individuais, créanse 2 categorías máis; unha por colexios/institutos para as categorías menores e unha por equipos nas categorías absolutas.

- CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS

Toda persona inscrita poderá integrarse dentro dun único EQUIPO, sendo estes de mínimo 4 integrantes e máximo de 8. O/A corredor/a que se inscriba nun equipo non poderá cambiar durante todo o Circuito.

Poderá engadirse en calquera carreira participantes a calquera equipo que non posúa os integrantes máximos(8).

Para formar o equipo, un integrante debe crear o EQUIPO e nombrarse CAPITÁN/A na inscrición e posteriormente engadir corredores ao seu equipo.

Os nomes dos equipos non poden ser ofensivos nin conter palabras inadecuadas, por tratarse dun evento deportivo de carácter popular.

Para que o equipo puntúe en cada carreira será imprescindible que rematen a carreira 4 integrantes. (No Trail Comado sumaranse os resultados das dúas distancias).

Cada participante sumará en cada carreira os puntos correspondentes á clasificación absoluta masculina e feminina.

PREMIO FINAL: O equipo que finalice o Circuito en primeira posición conseguirá unha cea nun establecemento local.

- CLASIFICACIÓN POR COLEXIOS/INSTITUTOS

Todo/a menor inscrito/a en cada unha das carreiras terá a posibilidade de participar defendendo o nome do seu colexio/instituto e que a súa participación sume puntos para acadar o logro común de ser o colexio máis regular no Circuito +kms Barreiros.

No momento da inscrición terá unha pestaña donde poderá escribir o nome do seu centro escolar. Todas as categorías menores sumarán para a mesma clasificación.

PREMIO FINAL: O premio final será un agasallo para os/as integrantes do centro escolar que consiga.

- **ORGANIZACIÓN:**

Todos os participantes no Circuito, polo feito de participar nunha carreira do Evento, aceptan o regulamento particular do mesmo e o de cada unha das probas, formalizando a inscrición con tódolos dereitos e obrigas que lle corresponden. Os atletas inscritos no Circuito e/ou nalgunha das carreiras que o integran, autorizan aos organizadores á gravación total ou parcial da súa participación mediante fotografías, películas, televisión, radio, vídeo e calquera outro medio coñecido ou por coñecer e ceden todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria que se considere oportuno exercitar, sen dereito pola súa parte a recibir compensación económica algunha, así como a publicar os seus datos nos medios de comunicación e/ou internet.

Cada unha das probas do Circuito está suxeita ós criterios que en cada caso establezan os organizadores das mesmas.

A organización reservase o dereito de cambiar sen previo aviso, os percorridos definidos, as probas convocadas ou modificar o Regulamento, circunstancias que serán notificadas ós participantes a través da web www.maiskmsbarreiros.gal

Tanto as clasificacións como os premios de cada proba individual son independentes da Organización do Circuito e serán proporcionado polas entidades propias de cada proba.

Os atletas inscritos no Circuito declaran encontrarse en boas condicións físicas para a práctica da actividade deportiva. A organización non se fará responsable de calquera sufrimento ou tara latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das leis ou do articulado no presente Regulamento nin as producidas nos desprazamentos ou cara o punto no que se desenvolva a proba.

Así mesmo, a organización de cada proba estará cuberta por un seguro de responsabilidade civil así como cada atleta inscrito a calquera das probas que conforman o circuito estarán cubertos por un seguro de accidentes deportivos en cada unha das mesmas.

- **TROFEOS E PREMIOS:**

- Categorías Menores
- Diploma/obsequio por participante
- Categorías Adultas

Premios para os/as 3 Primeiros/as clasificados/as Absolutos/as

Premio para o/a Primeiro/a clasificado/ de cada categoría

Reparto de PREMIOS

<i>MASCULINO</i>		<i>FEMENINO</i>	
1ºABSOLUTO	150,00 €	1ªABSOLUTA	150,00 €
2ºABSOLUTO	100,00 €	2ªABSOLUTA	100,00 €
3ºABSOLUTO	75,00 €	3ªABSOLUTA	75,00 €
1ºSUB23	35,00 €	1ªSUB23	35,00 €
1ºSENIOR	35,00 €	1ªSENIOR	35,00 €
1ºVET A	35,00 €	1ªVET A	35,00 €
1ºVET B	35,00 €	1ªVET B	35,00 €
1ºVET C	35,00 €	1ªVET C	35,00 €
TOTAL PREMIOS CIRCUÍTO			
1.000,00 €			